



## CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/4-(SESIÓN ORDINARIA MES ABRIL 2017)

1

### PLENO

### ACTA NÚM. 05/2017

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2017/4	O PLENO

#### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria (correspondente ao mes de ABRIL/ano 2017)
<b>Data e hora da convocatoria e duración da sesión</b>	1ª convocatoria: 3 de abril de 2017 ás 20:00 2ª convocatoria: 3 de abril de 2017 ás 20:30 Inicio da sesión: 3 de abril de 2017 ás 20:05 Remate da sesión: 3 de abril de 2017 ás 21:10
<b>Lugar</b>	SALÓN PLENOS CASA CONSISTORIAL.CONCELLO BUEU Non admite participación a distancia.
<b>Presidida por</b>	Félix Juncal Novas (alcalde)
<b>Secretaria</b>	Nuria Lobato Del Río
<b>Interventor</b>	Marcos Vázquez Campaña

#### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52496661N	Ana Isabel Otero Pastoriza	SÍ
78735313B	Berta Pérez Hernández	NON
10826354R	Fidel Castro Quiroga	SI
35313656P	Inmaculada Rodríguez Dias	SÍ

**Concello de Bueu**

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



## CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/4-(SESIÓN ORDINARIA MES ABRIL 2017)

2

35252027L	José Inocente García Cuervo	SÍ
52492233T	José Manuel Vilas Pastoriza	SÍ
33250222L	Juan Carlos Eirea Eireas	SÍ
52491222R	Julio Villanueva González	SÍ
35273283T	Manuel Otero Pérez	NON
52495763B	Manuel Santos Pires	SÍ
52496098R	Martín Villanueva Pastoriza	SÍ
53110366P	Mercedes del Pilar Otero González	SÍ
52496537A	M <sup>a</sup> José Pérez Piñeiro	NON
52493742Z	M <sup>a</sup> Teresa López González	SÍ
53115453N	Silvia Carballo González	SÍ
53111731Q	Xosé Leal Fariña	NON

Sendo as as 20:05 horas do día 03 de ABRIL de 2017, reúnese o Pleno da Corporación Municipal baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Félix Juncal Novas, co fin de celebrar sesión ordinaria correspondente ao mes de abril 2017, coa orde do día que resulta da Resolución da Alcaldía núm. 333/17 de data 29 de marzo de 2017.

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### 1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (ACTA NÚM. 04/2017 CORRESPONDENTE COA SESIÓN ORDINARIA DO MES DE MARZO DE 2017 CELEBRADA O 06.03.2017 )

<b>Favorable (maioría dos presentes)</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria, Nominal e a man alzada A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 01, Ausentes: 04	
	A favor	Félix Juncal Novas Ana Isabel Otero Pastoriza Inmaculada Rodríguez Dias José Inocente García Cuervo Juan Carlos Eirea Eireas Martín Villanueva Pastoriza M <sup>a</sup> Teresa López González

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



## CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/4-(SESIÓN ORDINARIA MES ABRIL 2017)

3

		Silvia Carballo González José Manuel Vilas Pastoriza Mercedes del Pilar Otero González Manuel Santos Pires Julio Villanueva González
	En contra	---
	Abstencións	Fidel Castro Quiroga
	Ausentes	Xosé Leal Fariña Manuel Otero Pérez M <sup>a</sup> José Pérez Piñeiro Berta Pérez Hernández

Pola Presidencia dáse conta do borrador da acta núm. 04/17, correspondente á sesión ordinaria, correspondente ao mes de marzo, celebrada polo Pleno da corporación municipal o luns 06.03.2017.

Polo sr. Villanueva González se advirte da existencia do seguinte erro de feito no borrador da acta que se somete a aprobación:

- Na súa segunda intervención ao longo do debate do punto A.6 da orde do día figura que “ (...) anuncia o seu voto en contra (...)” cando debe dicir “ (...) anuncia o seu voto a favor (...)” tal e como resulta da votación que se consigna a continuación.

Tendo en conta que a rectificación proposta resulta da existencia dun erro material ou de feito no debate que se comproba coa votación sinalada na parte resolutiva

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación o borrador da acta núm. 04/17, correspondente á sesión ordinaria, correspondente ao mes de marzo, celebrada polo Pleno da corporación municipal o luns 06.03.2017 coa rectificación do erro advertido polo sr. Villanueva no debate do punto A.6 da orde do día do xeito que onde di “ (...) anuncia o seu voto en contra (...)” diga “ (...) anuncia o seu voto a favor (...)” tal e como resulta da votación que se consigna a continuación .

### VOTACIÓN e ACORDO:

Logo do anterior, o Pleno da corporación municipal, por maioría de votos favorables dos seus membros asistentes con dereito a voto (doce dos dezasete membros que de dereito á constitúen) (abstéñense de votar Fidel Castro Quiroga, debido a que non se atopaba presente na indicada sesión ordinaria do Pleno da corporación municipal), ACORDA PRESTARLLE APROBACIÓN, ao borrador da acta da sesión ordinaria, correspondente ao mes de marzo, núm. 04/17, celebrada o luns 06.03.2017 coa rectificación do erro advertido polo sr. Villanueva no debate do punto A.6 da orde do día do xeito que onde di “ (...) anuncia o seu voto en contra (...)” diga “ (...) anuncia o seu voto a favor (...)” tal e como resulta da votación que se consigna a continuación .

## **2.TOMA DE RAZÓN DA RENUNCIA DE BERTA PÉREZ HERNÁNDEZ Á SÚA CONDICIÓ DE CONCELLEIRA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL PERTECENTE AO GPM DO PP**

**Concello de Bueu**

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



## CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/4-(SESIÓN ORDINARIA MES ABRIL 2017)

4

### Declaración de toma de razón

Polo Sr. alcalde dáse conta da renuncia ao cargo de concelleira da corporación municipal do concello de Bueu formulada por D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández procedendo á lectura da comunicación de alcaldía de data 29.3.2017 que literalmente di:

*"(...) Visto o escrito formulado pola concelleira da corporación municipal pertencente ao grupo político municipal do PARTIDO POPULAR, Berta Pérez Hernández, con DNI núm. 78735313-B con RE. núm. 1694 de 10.03.2017, polo que presenta a súa renuncia ao cargo de concelleira desta corporación municipal*

*De conformidade co disposto no art. 9 do Real decreto 2568/86 polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e de réxime xurídico das Entidades locais (ROFRXEL), en canto dispón que "El Concejal, Diputado o miembro de cualquier entidad local perderá su condición de tal por las siguientes causas: (...) 4. Por renuncia, que deberá hacerse efectiva por escrito ante el Pleno de la Corporación."*

*Pola presente poño no coñecemento do Pleno da Corporación Municipal, para a súa toma de razón, dos seguintes feitos:*

*- A renuncia ao cargo de concelleira desta corporación municipal formulado por D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández, con DNI núm. 78735313-B.(...)"*

Rematada a lectura, polo Sr. Alcalde declarase o coñecemento polo Pleno da corporación municipal da renuncia ao cargo de concelleira desta corporación municipal formulado por D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández, con DNI núm. 78735313-B formulada mediante escrito RE. núm. 1694 de 10.03.2017 .

### 3. MOCIÓN DO GPM DO PSDEG-PSOE RELATIVÁ Á "REHABILITACIÓN DE FONTES, LAVADORES E DO SEU ENTORNO".

<b>Rexeitada</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria, Nominal e a man alzada A favor: 03, En contra: 09, Abstencións: 01, Ausentes: 03	
	A favor	José Manuel Vilas Pastoriza Mercedes del Pilar Otero González Manuel Santos Pires
	En contra	Félix Juncal Novas Ana Isabel Otero Pastoriza Inmaculada Rodríguez Díaz José Inocente García Cuervo Juan Carlos Eirea Eireas Martín Villanueva Pastoriza M <sup>a</sup> Teresa López González Silvia Carballo González Fidel Castro Quiroga



## CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/4-(SESIÓN ORDINARIA MES ABRIL 2017)

5

	Abstencións	Julio Villanueva González
	Ausentes	Xosé Leal Fariña Manuel Otero Pérez M <sup>a</sup> José Pérez Piñeiro

Pola Presidencia dáse conta da moción presentada polo GPM do PsdeG-PSOE EN data 16.03.2017 (Rexistro de entrada electrónico nº43) relativa á “Rehabilitación de fontes, lavaderos e do seu entorno”, procedendo á lectura do resultado da votación do ditame da Comisión Informativa permanente de urbanismo, Patrimonio e Vivenda, emitido con data 29/03/17, no seguinte senso:

*“ (...) pola presidencia se somete a votación a proposta de debate, co seguinte resultado: Votos a Favor: 02 correspondentes cos membros presentes do GPM do PsdeG-PSOE (01) e do GPM do PP (01); Votos en contra: Ningún; Abstencións: 04 correspondentes cos membros presentes do GPM do BNG, Ausentes na votación: 01 (a concelleira Silvia Carballo González do GPM do BNG non se incorpora á sesión ata as 13:35 horas). A vista do resultado, a Comisión Informativa Permanente de urbanismo, patrimonio e vivenda, por maioría de votos favorables dos seus membros asistentes con dereito a voto DITAMINAR FAVORABLEMENTE á moción presentada polo GPM do PsdeG-PSOE EN data 16.03.2017 (Rexistro de entrada electrónico nº43) relativa á “Rehabilitación de fontes, lavaderos e do seu entorno”. (...)”*

De seguido o Presidente cédelle a palabra ao sr. Vilas Pastoriza que xustifica a moción que se somete a debate e votación, formulada con data 16.03.2017 e dictaminada con data 29.03.2017, nos seus propios termos, dando lectura á mesma co seguinte contido literal:

*“O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE de Bueu, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN para o seu tratamento no próximo pleno a celebrar:*

**REHABILITACION DE FONTES, LAVADEROS E DO SEU ENTORNO**

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: Bueu conta con 39 fontes e lavadoiros, catalogados dentro do CATALOGO DE BENS INMOBLES do PXOM que o Concello de Bueu está a tramitar, aínda que se pode encontrar algún máis, sobre todo fontes que non se encontran nin sinalados en dito PXOM. Como se pode observar no reportaxe fotográfico que acompaña este escrito, o estado en xeral deste patrimonio é totalmente deficitario, debido ó abandono en que se encontran por parte do departamento correspondente, a maioría dos lavadoiros encontrándose cheos de maleza e sen desbrozar, entre outras cousas debido a que desde que coa inversión do plan ZP, se procedera ó arranxo de algún lavadoiro, non se volveu a votar man deles.*

*Exemplos claros témolos no Lavadoiro da Banda do Río, que se encontra en un estado de total abandono pese a estar nun entorno totalmente urbano; o lavadeiro da Rosa en Beluso, que conta con fonte e acceso a ambos por un camiño paralelo ó vial que vai desde Beluso a Udra, e o seu arranxo e adecentamento do entorno suporía, sen duda, unha revalorización do entorno da zona; o lavadeiro e a fonte de Cabalo, que incluso conta con un vertedoiro de terras; a Fonte do Corvo, a Fonte de Sanos Reis; lavadoiro de Murrans en Cela, etc. ...*

*Estas edificacións populares vencelladas á auga, merecen que se lles preste atención e interese por parte do goberno e non sigan abandonadas, posto que responden ó pasado histórico do municipio, e o que se encontran catalogados debería supor para o Concello que se faga de forma automática e gradual unha inversión anual a través dos presupostos cando supoñan unha*

**Concello de Bueu**

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



## CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/4-(SESIÓN ORDINARIA MES ABRIL 2017)

6

*inversión importante, ou simplemente utilizando a brigada de obras cando se trate de pequenos arranxos con unha coste mínimo.*

*Isto tamén serviría para poñer en práctica as promesas que o propio Alcalde fixo cando implantou a obrigatoriedade de facer plans anuais para cada departamento do Concello de Bueu, e que ano e medio despois aínda non foron quen de levar a cabo.*

*Por todo elo, solicito do Pleno corporativo a adopción dos seguintes acordos:*

*1.A elaboración por parte da Concellería correspondente, dun estudio que determine que lavadoiros e fontes necesitan arranxo, atendendo ó seu maior ou menor grado de deterioro.*

*2.Con este estudio se elabore un Plan que determine como se procede ó arranxo dos mesmos, ben sea por zonas ou polas necesidades según o deterioro, etc.*

*Por último, se proceda ó arranxo dos mesmos por parte do Concello.”*

Rematada a lectura do ditame da comisión informativa permanente de urbanismo, patrimonio e vivenda e da moción do xeito indicado nos parágrafos anteriores, a presidencia declara aberto o debate

### DEBATE

O sr. Castro Quiroga abre o debate clarexando que todos os anos hai un plan de obras e desbroce para realizar as actuacións ás que fai referencia o sr. Vilas na súa moción pero, na actualidade, o servizo conta soamente con tres operarios de limpeza polo que ata que non se reforce a plantel é materialmente imposible acometer todas as actuacións pendentes.

O sr. Villanueva González desexa coñecer o voto que vai a emitir os concelleiros do grupo político municipal do goberno e pregunta se no caso de que a moción sexa aprobada, o Pleno ou o goberno municipal quedarían obrigados a dispor duns orzamentos que garanten ter as fontes e os lavadorios en correctas condicións ou o goberno soamente votará a favor para quedar ben e esperar vinte cinco anos para que se fagan as cousas?

O sr. Alcalde recorda ao sr. Villanueva que cada grupo político municipal é libre na emisión do seu voto con independencia do sentido do voto do grupo político do goberno. Engade que o goberno votará en contra da moción toda vez que xa está traballando no asunto e realizando, de forma permanente, actuación para manter en correctas condicións as fontes e lavadoiros.

Neste senso, sinala que xa no ano 2010 realizou unha actuación integral de recuperación e mantemento deste bens para garantir o seu estado e actualmente continúan realizando intervencións puntuais cun plan de previsión que contempla actuacións periódicas. Incluso se elaborou un proxecto que contempla actuacións en diversos lavadoiros.

Dirixese ao sr. Villanueva para recordarlle que o exercizo de atribucións entre os diferentes órganos do concello, Pleno, Xunta de goberno local e o alcalde da corporación, se realiza en base á distribución operada pola lei de réxime local e se desexa gobernar dende o pleno da corporación municipal o fai en contra da norma de réxime local.

O sr. Villanueva González cree nuns orzamentos participativos e ata agora sempre creu que quen goberna e o pobo de Bueu e, neste senso, o Pleno da corporación é a voz dos veciños. O goberno o conforman dez persoas e se acota na Xunta de goberno que a conforman seis persoas e que



## CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/4-(SESIÓN ORDINARIA MES ABRIL 2017)

7

resolve é o alcalde e é un órgano unipersoal acotando ao mínimo as atribucións nunha soa persoa.

O sr. Alcalde respotalle que sempre fai unha interpretación da norma segun lle conveña

O sr. Santos Pires intervén para manifestar que cando o goberno municipal decida realizar inversións teña en conta as que afecten ao mantemento e conservación do patrimonio existente

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a aman alzada, a aprobación da moción presentada polo GPM do PSdeG-PSOE EN data 16.03.2017 (Rexistro de entrada electrónico nº 43) relativa á “Rehabilitación de fontes, lavadoiros e do seu entorno” (expediente ref. 1653/2016).

### VOTACIÓN e ACORDO:

Logo do anterior, o Pleno da corporación municipal, por maioría de votos en contra (03 votos a favor, dos que 02 corresponden aos concelleiros asistentes do GPM do PP e 01 ao concelleiro do GPM PSdeG-PSOE, 01 abstención do concelleiro do GPM SON e 09 votos en contra dos concelleiros do GPM do BNG), rexeita a moción presentada polo GPM do PSdeG-PSOE EN data 16.03.2017 (Rexistro de entrada electrónico nº 43) relativa á “Rehabilitación de fontes, lavaderos e do seu entorno” (expediente ref. 1653/2016).

### **4.MOCIÓN DO G.PM DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á ELABORACIÓN DA "ORDENANZA REGULADORA DE VEHÍCULOS ABANDONADOSVEHÍCULOS ABANDONADOS"**

<b>Rexeitada</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria, Nominal e a man alzada A favor: 03, En contra: 09, Abstencións: 01, Ausentes: 03	
	A favor	José Manuel Vilas Pastoriza Mercedes del Pilar Otero González Manuel Santos Pires
	En contra	Félix Juncal Novas Ana Isabel Otero Pastoriza Inmaculada Rodríguez Dias José Inocente García Cuervo Juan Carlos Eirea Eireas Martín Villanueva Pastoriza M <sup>a</sup> Teresa López González Silvia Carballo González Fidel Castro Quiroga
	Abstencións	Julio Villanueva González
	Ausentes	Xosé Leal Fariña Manuel Otero Pérez

**Concello de Bueu**

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



## CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/4-(SESIÓN ORDINARIA MES ABRIL 2017)

8

M<sup>a</sup> José Pérez Piñeiro

Pola Presidencia dáse conta da moción presentada polo GPM do PSdeG-PSOE , en data 12.03.2017 (Rexistro de entrada electrónico nº39) relativa á elaboración de elaboración da "Ordenanza reguladora de Vehículos abandonados" procedendo á lectura do resultado da votación do ditame da Comisión Informativa permanente de urbanismo, Patrimonio e Vivenda, emitido con data 29/03/17, no seguinte senso:

*" (...) pola presidencia se somete a votación a proposta de debate, co seguinte resultado: Votos a Favor: 02 correspondentes cos membros presentes do GPM do PsdeG-PSOE (01) e do GPM do PP (01); Votos en contra: Ningún; Abstencións: 04 correspondentes cos membros presentes do GPM do BNG, Ausentes na votación: 01 (a concelleira Silvia Carballo González do GPM do BNG non se incorpora á sesión ata as 13:35 horas). A vista do resultado, a Comisión Informativa Permanente de urbanismo, patrimonio e vivenda, por maioría de votos favorables dos seus membros asistentes con dereito a voto DITAMINAR FAVORABLEMENTE a moción presentada polo GPM do PsdeG-PSOE EN data 12.03.2017 (Rexistro de entrada electrónico nº39) relativa á abandonados" elaboración da "Ordenanza reguladora de Vehículos . (...)"*

De seguido o Presidente cédelle a palabra ao sr. Vilas Pastoriza que xustifica a moción que se somete a debate e votación, formulada con data 12.03.2017 e dictaminada con data 29.03.2017, nos seus propios termos, dando lectura á mesma co seguinte contido literal:

*" O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE de Bueu, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN para o seu tratamento no próximo pleno a celebrar:*

**ORDENANZA REGULADORA DE VEHÍCULOS ABANDONADOS**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*Ante a existencia de vehículos abandonados nas vías públicas do noso Concello, e a posibilidade de que se dean máis casos nun futuro, dende o PsdeG-PSOE de Bueu entendemos que é necesario o desenrolo dunha ordenanza que regule este tipo de situacións, dado que, por unha parte estes vehículos en mal estado abandonados na vía pública, poden supoñer un perigo na zona onde se encontren, e por outra banda están ocupando unha praza de aparcamento na vía pública, cando seguramente se encontren dados de baixa por pare do dono no pago da taxa municipal de rodaxe, ou no seguro correspondente, etc.*

*Como entendo que é obrigación do Concello a redacción da ordenanza correspondente, e ante a ausencia desta, xunto con esta moción acompáñase un texto que pode servir como base para que entre todos os grupos que formamos parte da Corporación, poidamos proceder ó estudio da ordenanza e redacción definitiva da mesma.*

*Por todo elo, solicito do Pleno Corporativo a adopción dos seguintes acordos:*

*1. A elaboración da ordenanza reguladora do réxime aplicable a vehículos abandonados."*

Rematada a lectura do ditame da comisión informativa permanente de urbanismo, patrimonio e vivenda e da moción do xeito indicado nos parágrafos anteriores, a presidencia declara aberto o debate

**DEBATE**

**Concello de Bueu**

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099





## CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/4-(SESIÓN ORDINARIA MES ABRIL 2017)

9

O sr. Santos Pires manifesta estar de acordo co control dos vehículos abandonados na vía pública e engade que cree que o concello dispón dunha ordenanza de medio ambiente no que se trata este asunto que non se cumpre.

O sr. Alcalde intervén para manifestar que antes de aprobar iniciativas legislativas hai que determinar a necesidade e priorizar os recursos, o esforzo e o tempo. Nese senso sinala que existe normativa estatal, autonómica e incluso municipal que regula este asunto sen necesidade de tramitar unha nova ordenanza que regulan o procedemento que leva á declaración dos vehículos abandonados na vía pública como residuos sólidos urbanos e proba de elo e que xa se tramitaron dende departamento de Urbanismo e Medio Ambiente varios expedientes na materia.

Engade que na tramitación destes expedientes se plantexaron dúbidas xurídicas respecto á competencia municipal para a tramitación dos vehículos abandonados fora do núcleo urbano e remata reiterando a innecesariedade de tramitar a ordenanza instada polo sr. Vilas pola disposición dun marco normativo para poder tramitar os expedientes e de non sobrecargar coa elaboración e tramitación dun novo texto normativo aos departamentos administrativos do concello que xa se atopan cunha forte carga de traballo.

O Sr. Vilas Pastoriza xustifica a súa moción no feito da existencia de vehículos abandonados na vía pública dende hai tempo sen que lle conste a tramitación do oportuno procedemento para a súa retirada e ao non atopar na web do concello norma específica que lle permita ter constancia dunha concreta regulación para este tipo de procedementos.

Ao respecto sinala que cerca dun club deportivo en Agrelo hai un vehículo abandonado dende hai moito tempo.

Descoñece se hai persoal suficiente no concello para tramitar os expedientes pero o certo é que se hai normativa que regule os procedementos e concorren os supostos de feito que levan a tramitalo o concello está na obriga de resolver estas situacións. Neste senso sinala que tamén hai moitas fincas que demandan unha limpeza por razón de salubridade e seguridade e seguen abandonadas sen que o concello actúe.

O sr. Alcalde reitera as explicacións dadas e engade que existen denuncias da Policía local sobre os vehículos abandonados e lle invita a dirixirse ao departamento de Urbanismo e Medio Ambiente que está a comprobar a competencia municipal para poder actuar sobre eles.

O sr. Vilas Pastoriza sinala que en todo caso os vehículos se atopan abandonados dentro do termo municipal de Bueu.

O sr. Alcalde reitera que o concello non ten competencias na materia na totalidade do seu termo municipal.

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación da moción presentada polo GPM do PSdeG-PSOE, en data 12.03.2017 (Rexistro de entrada electrónico nº39) relativa á elaboración de elaboración da "Ordenanza reguladora de Vehículos abandonados"



## CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/4-(SESIÓN ORDINARIA MES ABRIL 2017)

10

### VOTACIÓN e ACORDO:

Logo do anterior, o Pleno da corporación municipal, por maioría de votos en contra (03 votos a favor, dos que 02 corresponden aos concelleiros asistentes do GPM do PP e 01 ao concelleiro do GPM PSdeG-PSOE, 01 abstención do concelleiro do GPM SON e 09 votos en contra dos concelleiros do GPM do BNG), rexeita a moción presentada polo GPM do PSdeG-PSOE, en data 12.03.2017 (Registro de entrada electrónico nº39) relativa á elaboración de elaboración da "Ordenanza reguladora de Vehículos abandonados" (expediente ref. 1653/2016).

### **5 (FORA DA ORDE DO DIA) PROPOSTA CONXUNTA DOS GPM DA CORPORACIÓN PARA A PRESERVACIÓN DO CASTRO DE MONTEALEGRE (DOMAIO-MOAÑA)**

<b>Favorable (unanidade dos presentes)</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria, Nominal e a man alzada	
	A favor: 13, Ausentes: 03	
	A favor	Félix Juncal Novas Ana Isabel Otero Pastoriza Inmaculada Rodríguez Dias José Inocente García Cuervo Juan Carlos Eirea Eireas Martín Villanueva Pastoriza M <sup>a</sup> Teresa López González Silvia Carballo González Fidel Castro Quiroga José Manuel Vilas Pastoriza Mercedes del Pilar Otero González Manuel Santos Pires Julio Villanueva González
	En contra	---
	Abstencións	---
	Ausentes	Xosé Leal Fariña Manuel Otero Pérez M <sup>a</sup> José Pérez Piñeiro

Pola Presidencia xustificase a urxencia da proposta conxunta na esixencia de protexer o enclave ao que afecta a proposta polo seu elevado valor cultural e patrimonial e que se ve seriamente afectado polas obras do corredor do Morrazo posto de manifesto por Rafael Oliveira Souto mediante escrito de 17.1.2017 (RE 388/17) .

Xustificada a urxencia nos termos sinalados, a presidencia somete a votación ordinaria e nominal a man alzada a ratificación da inclusión na orde do día da PROPOSTA CONXUNTA DOS GPM DA CORPORACIÓN PARA A PRESERVACIÓN DO CASTRO DE MONTEALEGRE (DOMAIO-MOAÑA) de



## CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/4-(SESIÓN ORDINARIA MES ABRIL 2017)

11

03.04.2017, asinada polos voceiros de todos os grupos políticos municipais da corporación municipal, nos termos esixidos no art. 82.3 do real decreto 2568/86

VOTACIÓN E ACORDO S./ RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA DA PRESENTE SESIÓN DA PROPOSTA CONXUNTA DOS GPM DA CORPORACIÓN PARA A PRESERVACIÓN DO CASTRO DE MONTEALEGRE (DOMAIO-MOAÑA) de 03.04.2017

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria, nominal a man alzada, acorda, por unanimidade dos seus membros asistentes (13 dos 16 que de dereito a conforman) ratifica a inclusión na orde do día da presente sesión da PROPOSTA CONXUNTA DOS GPM DA CORPORACIÓN PARA A PRESERVACIÓN DO CASTRO DE MONTEALEGRE (DOMAIO-MOAÑA) que literalmente di:

*“Á vista dunha escrito recibido no Concello de Bueu, asinado por Don Rafael Oliveira Souto, con data de entrada 17 de xaneiro de 2017 e número de rexistro 388, na que se solicitaba estudar unha proposta referente á preservación do Castro de Montealegre, en Domaio (Concello de Moaña). Con este motivo, e tras terse reunido a Xunta de Voceiros dos grupos políticos do Concello de Bueu o día 21 de marzo do 2017, acordamos presentar ao Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción conxunta:*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*É unha realidade que a Cultura Castrexa, entendida como o conxunto de comportamentos técnicos, sociais, artísticos, económicos e relixiosos que caracterizan unha sociedade humana concreta, supón a etapa da protohistoria do que hoxe é Galiza. Son moitas as manifestacións desta cultura que podemos atopar ao longo do noso territorio e mesmo en zonas do norte de Portugal e oeste de Asturias. Polo que a súa conservación e estudo supón avanzar no coñecemento do que hoxe somos.*

*A comarca do Morrazo conta con varios asentamentos desta cultura, sendo un dos máis importantes o Castro de Montealegre-Domaio, non só porque foi un dos primeiros escavados e publicados cientificamente en Galiza, senón tamén pola súa tipoloxía, pola súa situación xeográfica, polos seus petróglifos e, moi especialmente, pola conservación excepcional dalgún dos restos mobles atopados.*

*As obras que se están a executar pola Axencia Galega de Infraestruturas no desdoblamento do Corredor do Morrazo, en concreto no subtreito-1, e que afectan de cheo ao Castro, están a xerar un gran descontento entre a veciñanza do Morrazo.*

*Para os veciños e veciñas da comarca é moi salientable a importancia que ten este Castro para a nosa cultura e historia. Este Castro, xa ferido co trazado do corredor actual que xa afectou unha importante proporción do mesmo, será destruído coa nova ampliación proxectada. Polo que non estamos falando de estimacións, senón que temos en conta todos os elementos descubertos do estudo arqueolóxico e que son visibles actualmente.*

*Desde o Concello de Bueu, e como pobo implicado na protección do noso patrimonio cultural, demandamos que as actuacións que se leven a cabo no Castro só estean encamiñadas á súa catalogación e conservación e, ademais, deberían rematar coa posta en valor do mesmo para o uso e gozo da poboación.*

*Por todo isto, a Corporación do Pleno do Concello de Bueu ACORDA*

*- Primeiro: Que se leve a cabo un estudo profundo do Castro, ampliando ao máximo a zona de*



## CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/4-(SESIÓN ORDINARIA MES ABRIL 2017)

12

*análise e escavación, co único fin de catalogar e protexer tan valioso ben.*

*- Segundo: que se manteña intacta a estrutura das construcións castrexas.*

*- Terceiro: que se aplique o rigor e a esixencia por parte do organismo autonómico que ten por finalidade velar polo mantemento e conservación do noso patrimonio, especialmente cando se trata de protexer un ben cuns valores históricos, artísticos e etnolóxicos tan importantes como os do Castro de Montealegre de Domaio (Moaña).*

*- Cuarto: instar á Xunta de Galicia á modificación do proxecto presentado para a ampliación do corredor actual no traxecto que afecte a zona do Castro de Montealegre. (...)"*

Rematada a lectura da proposta conxunta, a presidencia declara aberto o debate

### DEBATE

O sr. Santos Pires intervén para insistir na necesidade de contemplar estas iniciativas que se someten ao pleno a través do correspondente regulamento de participación cidadán que permitan axilizar a súa tramitación.

O sr. Alcalde puntualiza que o concello xa dispón dun regulamento e so se trataría de modificar o existente

O sr. Vilas Pastoriza sinala que o do concello non se atopa publicado.

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación da PROPOSTA CONXUNTA DOS GPM DA CORPORACIÓN PARA A PRESERVACIÓN DO CASTRO DE MONTEALEGRE (DOMAIO-MOAÑA) de 03.04.2017, asinada polos voceiros de todos os grupos políticos municipais da corporación municipal

### VOTACIÓN e ACORDO:

Logo do anterior, o Pleno da corporación municipal, por unanimidade dos presentes (13 dos 16 que de dereito a conforman) acorda o seguinte:

1º.- Que se leve a cabo un estudo profundo do Castro, ampliando ao máximo a zona de análise e escavación, co único fin de catalogar e protexer tan valioso ben.

2º.- Que se manteña intacta a estrutura das construcións castrexas.

3º.- Que se aplique o rigor e a esixencia por parte do organismo autonómico que ten por finalidade velar polo mantemento e conservación do noso patrimonio, especialmente cando se trata de protexer un ben cuns valores históricos, artísticos e etnolóxicos tan importantes como os do Castro de Montealegre de Domaio (Moaña).

4º.- Instar á Xunta de Galicia á modificación do proxecto presentado para a ampliación do corredor actual no traxecto que afecte a zona do Castro de Montealegre.

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

**Concello de Bueu**

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



## CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/4-(SESIÓN ORDINARIA MES ABRIL 2017)

13

### 1.DACIÓN DE CONTA DAS SOLICITUDES DE AXUDAS AO ABEIRO DO “PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA O EXERCIZO 2017”DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (PLAN CONCELLOS 2017) LIÑA 1.-INVESTIMENTOS.

#### Declaración de toma de razón

Polo Sr. alcalde dáse conta da comunicación de alcaldía, de data 28.03.2017, relativa aos acordos adoptados na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o pasado 20.03.2017 acerca das solicitudes de axudas ao abeiro do “PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA O EXERCIZO 2017” (PLAN CONCELLOS 2017) LIÑA 1.-INVESTIMENTOS que literalmente di:

*“En data 30.12.2016 (BOPPO núm. 249) publicáronse as bases reguladoras e convocatoria do Plan provincial de Cooperación coas Obras e Servizos de competencia municipal para o exercicio 2017 da Deputación provincial de Pontevedra (DP).*

*En data 17.01.2017 tivo entrada no Rexistro xeral do concello de Bueu (RE núm. 395 de 17.01.2017) comunicación efectuada polo Secretario da Deputación de Pontevedra de data 11.01.2017 da contía definitiva do PLAN CONCELLOS 2017 polo importe de 803.444,37.-€ da que se deu conta á Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o pasado 06.02.2017.*

*En cumprimento do previsto na base décima das bases reguladoras e convocatoria do Plan provincial de Cooperación coas Obras e Servizos de competencia municipal para o exercicio 2017 da Deputación provincial de Pontevedra (BOPPO núm. 249 de 30.12.2016) pola presente póñense en coñecemento do Pleno da corporación os acordos adoptados na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada en data 20.03.2017 en relación ás solicitudes de subvencións con cargo á Liña 1 “Investimentos” do Plan de Obras e Servizos (PLAN CONCELLOS 2017) referidos ás seguintes actuacións e polos importes que se describen no cadro que se detalla a continuación:*

DESCRICIÓN DO INVESTIMENTO	IMPORTE (IVE ENGADIDO)
<b>PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS PÚBLICOS 2017:</b> - CAMIÑO MEIRO-OUTEIRO - CAMIÑO COSTIÑA - CAMIÑO VILAR - CAMIÑO SAR - RÚA RAMAL DOS GALOS	<b>238.297,91.€</b>
<b>ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA PRAZA MASSÓ</b>	<b>67.909,74.- €.</b>
<b>REPARACIÓN DE FACHADAS E ACONDICIONAMENTO EXTERIOR DO COLEXIO DE INFANTIL “A PEDRA”</b>	<b>38.846,65.- €</b>
<b>OBRAS DE MELLORA NOS CEMITERIOS MUNICIPAIS DE</b>	<b>38.967,51.- €</b>

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



## CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/4-(SESIÓN ORDINARIA MES ABRIL 2017)

14

### BUEU E CELA

(...)"

A continuación da lectura da comunicación de alcaldía, de data 28.03.2017, relativa á avocación de competencias para a solicitude de axuda para as actuacións contidas no "PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE ÁREAS DE XOGOS INFANTÍS ADAPTADAS E INCLUSIVAS, ÁREAS DE BIOSAUDABLES E ÁREA DE SKATE PARK NO TERMO MUNICIPAL DE BUEU, asinado dixitalmente en data 31.03.2017 por Iria Pazos Neira, arquitecta colexiada nº 3918 no COAG ( E-RE-57 de 31.03.2017), no marco do "PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA O EXERCIZO 2017" (PLAN CONCELLOS 2017) LIÑA 1.-INVESTIMENTOS, que enmenda a anterior no senso de engadir unha nova inversión no marco da liña 1 de dito plan provincial, e que literalmente di:

*"En data 31.03.2017 ditouse Resolución de Alcaldía num. 341/2017 ( Cod. Validación 9YAZ3ZA427J5NQPAG3QCQKYXN) na que se resolveu o seguinte:*

*"1.- Avocar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local en materia de contratación mediante resolución de alcaldía núm. 583/15 de 17.06.15 (BOP núm. 121 de 26.06.15), polas razóns de urxencia xustificadas ao longo da presente resolución.*

*2.-Realizar a finalidade obxecto da subvención interesada denominada SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE ÁREAS DE XOGOS INFANTÍS ADAPTADAS E INCLUSIVAS, ÁREAS DE BIOSAUDABLES E ÁREA DE SKATE PARK NO TERMO MUNICIPAL DE BUEU , asumindo expresamente o compromiso de cumprir as condicións para elo.*

*3.- Aprobar o "PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE ÁREAS DE XOGOS INFANTÍS ADAPTADAS E INCLUSIVAS, ÁREAS DE BIOSAUDABLES E ÁREA DE SKATE PARK NO TERMO MUNICIPAL DE BUEU", asinado dixitalmente en data 31.03.2017 por Iria Pazos Neira, arquitecta colexiada nº 3918 no COAG" e que tivo entrada no Rexistro electrónico do concello en data 31.03.2017 ( E-RE núm.57), por un orzamento total de 196.567,58 € ( sen IVE), sendo o IVE do 21% (41.279,19 €) o que supón un orzamento total de 237.846,77 €.*

